

DATAS DO PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN 2021/2022

1	CONFIGURACIÓN DA OFERTA	Ata o 26 de xaneiro
2	Proceso reserva de praza en centros adscritos	11 de xaneiro ao 8 de febreiro
2.1	Carga de datos centro orixe	Ata o 12 de febreiro
2.2	Renuncia das familias á solicitude de reserva no centro de adscrición	Antes do 26 de febreiro
2.3	Asignación de prazas no centro de adscrición	Ata o 24 de febreiro
2.4	Publicación das listaxes da asignación de prazas	Ata o 28 de febreiro
2	Proceso de admisión	
2.1	Presentación de solicitudes ¹	1 ao 22 de marzo
2.2	Renuncia das familias á solicitude ordinaria nun centro	Ata o 22 de marzo
2.3	Prazo entrega de documentación xustificativa dos criterios do baremo (só centros que bareman)	10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.
2.4	Publicación da listaxe provisional de alumnado admitido e non admitido	Antes do 25 de abril
2.5	Prazo de reclamación	5 días hábiles despois do seguinte á publicación da listaxe provisional
2.6	Exposición de listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido	antes do 15 de maio
3	Comisión escolarización	
3.1	Envío da documentación (art. 33 da Orde do 12 de marzo de 2013) á Xefatura Territorial	2 días hábiles seguintes á publicación da listaxe definitiva
4	Período de matrícula	
4.1	Matrícula en E.I. e E.P.	20 ao 30 de xuño
4.2	Matrícula en E.S.O. e B.A.C.	25 de xuño ao 10 de xullo
4.3	Prazo extraordinario matrícula setembro ESO e B.A.C.	1 ao 10 de setembro

As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas **serán elaboradas, exclusivamente, mediante a aplicación admisionalumnado**, e os centros educativos **publicarán as mesmas única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar**. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais, non se considerará válido ningún outro medio físico de publicación (exemplo: os taboleiros ou as zonas acristaladas visibles desde o exterior do centro).

Normativa:

- *DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de decembro).*
- *ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 15 de marzo).*
- *ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 1 de febreiro).*
- *ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B) (DOG do 22 de decembro).*
- *Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2021-2022.*
- *Instrucións para a configuración da oferta de prazas e para a reserva de praza en centro de adscrición. Curso 2021/2022..*

1. Os centros tramitarán igualmente as solicitudes que reciban en prazo respecto de niveis educativos nos que inicialmente non existan vacantes.